

mentos comprobantes manterase á disposición das autoridades competentes ata pasados 3 anos despois da devolución das súas existencias.

3. Exclúense das obrigas establecidas nos puntos 1 e 2, os titulares de autorizacións, importadores paralelos, distribuidores e demais operadores da rede comercial, que non comercialicen produtos fitosanitarios afectados despois da data de publicación da correspondente decisión de retirada da Comisión Europea.

4. Os agricultores e demais usuarios están obrigados pola prohibición de tenza e utilización dos produtos fitosanitarios que xa non estean autorizados, por se ter producido a retirada das súas autorizacións, debendo entregalos a un xestor autorizado para a súa destrución, antes de que expire o prazo límite a que se refire o punto 2 do artigo 2. Para os produtos adquiridos despois da data de publicación da correspondente decisión da Comisión Europea poderán utiliza-lo sistema de devolución a que se refiren os puntos 1 e 2.

Artigo 4. *Responsabilidade na retirada de existencias.*

Calquera que, no uso de o seu dereito a utiliza-lo sistema de devolución previsto no artigo 3 para as existencias no seu poder, encontre impedimentos á a súa entrega por parte de quen estea obrigado a recibilas ou retiralas, poderá xustifica-lo cumprimento do establecido na presente orde mediante o xustificante de ter comunicado os feitos constitutivos da obstrución á autoridade competente en materia de vixilancia da comercialización e utilización de produtos fitosanitarios da comunidade autónoma onde resida, dentro das 48 horas seguintes ó momento en que se producisen, independentemente de calquera outra acción que puidese iniciar.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

A presente disposición dítase ó abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 17 de xuño de 2003.

ARIAS CAÑETE

XEFATURA DO ESTADO

12392 *REAL DECRETO LEI 4/2003, do 20 de xuño, sobre actuacións para o aboamento de indemnizacións en relación cos danos ocasionados polo accidente do buque «Prestige».* («BOE» 148, do 21-6-2003.)

Ante a situación xerada en determinadas zonas da costa de Galicia e do litoral cantábrico polo accidente do buque «Prestige», o Goberno veu adoptando unha serie de medidas co fin de articular coa urxencia e inmediatez necesarias as actuacións precisas para atende-las necesidades xurdidas dos danos provocados e palia-las graves consecuencias producidas con ocasión do dito accidente.

As medidas adoptadas polo Goberno da Nación en ningún caso supoñen recoñecemento de responsabilidade do Estado por tales efectos e adóptanse sen prexuízo do dereito que asiste o Estado para reclamar dos responsables o importe das indemnizacións que correspondan.

Ante a eventualidade de que as indemnizacións cubertas polo «London & Club» e o Fondo internacional de indemnización de danos debidos á contaminación por hidrocarburos (FIDAC) non alcancen a cubrir integramente o importe dos prexuízos ocasionados en España polo accidente, e considerando que ata a data, e tendo en conta o tempo que pode transcorrer, os prexudicados non percibiron os dereitos indemnizatorios que posúen, as medidas de que se trata teñen como finalidade facilitar ós que experimentaron danos como consecuencia do accidente do «Prestige», indistintamente persoas físicas ou xurídicas privadas ou públicas, a reparación máis inmediata posible dos referidos danos, mediante o anticipo das indemnizacións, subrogándose o Estado como consecuencia do pagamento anticipado das indemnizacións, nos dereitos dos prexudicados.

En todo caso, trátase por tanto de axiliza-lo aboamento das indemnizacións polos danos ocasionados polo «Prestige», asumindo o Estado o pagamento das indemnizacións ós afectados polo accidente, e o seu importe farao efectivo o Instituto de Crédito Oficial (ICO) na súa condición de axencia financeira do Estado, pois entre as súas funcións está, como primeira e principal, a de contribuír a palia-los efectos económicos producidos por situacións de grave crise económica, catástrofes naturais ou outros supostos semellantes.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do vicepresidente primeiro do Goberno e ministro da Presidencia, do vicepresidente segundo do Goberno para Asuntos Económicos e ministro de Economía e do ministro de Facenda e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de xuño de 2003,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Pagamento das indemnizacións.*

Autorízase o ICO para lles paga-las indemnizacións, co límite de 160 millóns de euros, ós afectados polos danos ocasionados en España polo accidente do buque «Prestige», respecto do que voluntariamente así o acepten, no marco dos acordos transaccionais que para o efecto, consonte o disposto no artigo 6, se subscriban co ministro de Facenda, sempre que se trate de persoas físicas ou xurídicas, que sufrisen danos por contaminación indemnizables, de conformidade co establecido no convenio internacional sobre a constitución dun Fondo internacional de indemnización de danos debidos á contaminación por hidrocarburos (FIDAC) e do convenio internacional sobre responsabilidade civil de danos debidos a contaminación por hidrocarburos, e que fosen valorados segundo o disposto no artigo 4.

Igualmente, e dentro de límite a que se refire o parágrafo anterior, o ICO pagará os danos causados ás administracións públicas que, consonte o establecido na disposición adicional primeira, subscriban convenios de colaboración nos termos recollidos nesta.

En ningún caso o aboamento das indemnizacións mediante o pagamento dos importes correspondentes supón recoñecemento de responsabilidade do Estado para tales efectos, e realízase, en todo caso, sen prexuízo do dereito que asiste o Estado para reclamar dos responsables o importe das indemnizacións correspondentes.

Para o recoñecemento das indemnizacións previstas neste real decreto lei poderase subscribir un protocolo co FIDAC, que fixe os métodos de cooperación técnica na fixación dos danos e na identificación dos prexudicados.

Artigo 2. *Disposición dos fondos.*

As disposicións de fondos, correspondentes ás cantidades que sexan recibidas polo Estado a consecuencia do sinistro e ós ingresos que xere o financiamento especial previsto na disposición adicional segunda, co máximo do límite sinalado no artigo 1, serán realizadas polo ICO, na súa condición de axencia financeira do Estado, a favor dos afectados polos danos ocasionados en España polo accidente do buque «Prestige» referidos no artigo 1.

As disposicións quedan condicionadas a que o ICO reciba os fondos a que se refire o parágrafo anterior para atende-las obrigas de pagamento, de forma que os importes totais que se establezan ben nos acordos transaccionais ben nos convenios de colaboración poderán facerse efectivos en máis dun prazo, sempre e cando se concreten de forma expresa no acordo ou convenio suscrito as condicións de pagamento.

Artigo 3. *Beneficiarios das disposicións de fondos.*

Poderá recibir fondos na parte correspondente ó importe da indemnización á que teñan dereito a cobramento, de conformidade co previsto no artigo 1, toda persoa, física ou xurídica, que sufrise danos derivados do accidente do «Prestige», de conformidade co establecido no convenio internacional sobre a constitución dun Fondo internacional de indemnización de danos debidos a contaminación por hidrocarburos (FIDAC) e do convenio internacional sobre responsabilidade civil de danos debidos a contaminación por hidrocarburos, e que como tales beneficiarios sexan comunicados ó ICO polo órgano que se determine regulamentariamente.

No caso de que se trate de afectados polo accidente que formalizasen un préstamo co ICO de conformidade co Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, sobre medidas reparadoras en relación co accidente do buque «Prestige», e co Real decreto Lei 8/2002, do 13 de decembro, polo que se amplían as medidas reparadoras en relación co accidente do buque «Prestige» ás comunidades autónomas do Principado de Asturias, Cantabria e País Vasco, e se modifica o Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, así como cos acordos aprobados na súa aplicación, e constituísen garantía para asegurala devolución do préstamo, consistente en que o ICO se subroga no dereito a percibi-las indemnizacións que, se é o caso, reciban, derivadas do sinistro do buque, as persoas físicas ou xurídicas que teñan dereito a indemnización no suposto de que se acollan como beneficiarias do pagamento das indemnizacións conforme se prevé neste real decreto lei recibirán do ICO carta de pagamento polo principal e xuros do préstamo que lles fose concedido polo importe correspondente ó da indemnización ó cobramento da cal teñan dereito.

Artigo 4. *Contía da indemnización.*

A contía da indemnización para lles pagar ós damnificados corresponderase cos danos e prexuízos efectivamente sufridos por eles como consecuencia do sinistro; a súa valoración e a determinación da cantidade que deba aboarse realizarase de acordo cos criterios de avaliación utilizados para a aplicación do convenio internacional sobre a constitución dun Fondo internacional de indemnización de danos debidos a contami-

nación por hidrocarburos (FIDAC) e do convenio internacional sobre responsabilidade civil de danos debidos a contaminación por hidrocarburos, todo iso conforme o dano avaliado, logo de convenio para o efecto, polo organismo competente.

Artigo 5. *Subrogación do Estado.*

1. A Administración xeral do Estado subrogarase en calquera dereito ou acción que lles puidese corresponder ós que subscriban os acordos ou convenios ós que se refire este real decreto lei contra organismos ou entidades nacionais ou internacionais, ou contra terceiros.

Para tales efectos, os damnificados que reciban o importe da indemnización por disposición de fondos conforme o establecido neste real decreto lei desisten de forma irrevogable e incondicional de calquera acción, recurso ou instancia pendente de resolución, e renuncian, así mesmo, a iniciar no futuro calquera acción, procedemento ou reclamación, calquera que sexa a súa natureza, carácter ou denominación, xudicial ou extraxudicial, relativos ó sinistro do buque «Prestige».

2. Así mesmo, a Administración xeral do Estado subrogarase nos dereitos que poidan corresponder por razón do sinistro ós seus organismos públicos e sociedades mercantís estatais, para os efectos de exercer-las accións que procedan para os facer efectivos.

Artigo 6. *Acordos transaccionais.*

Autorízase o ministro de Facenda para subscribir cos damnificados que o acepten acordos transaccionais individuais polos que estes desisten e renuncian a tódalas súas accións xudiciais, e a calquera reclamación indemnizatoria extraxudicial derivada do sinistro do buque «Prestige», percibindo como contrapartida o importe da indemnización correspondente, baseada en danos por contaminación, e fixándose como límite para o aboamento ós damnificados a cantidade global máxima de 160 millóns de euros.

Os termos dos ditos acordos transaccionais individuais serán esencialmente os seguintes:

a) Os damnificados aceptan expresamente como avaliación dos seus danos por tódolos conceptos as valoracións que se realicen para a determinación da cantidade que se lles deba aboar como contía da indemnización.

b) Os damnificados que reciban o importe da indemnización por disposición de fondos desisten de forma expresa, irrevogable e incondicional a calquera acción, recurso ou instancia pendente de resolución, renunciando, así mesmo, a iniciar no futuro calquera acción, procedemento ou reclamación, calquera que sexa a súa natureza, carácter ou denominación, xudicial ou extraxudicial, relativos ó sinistro do buque «Prestige».

c) O Estado subrogarase con aceptación expresa dos prexudicados en tódalas súas accións xudiciais, e en calquera reclamación indemnizatoria extraxudicial derivada do sinistro do buque «Prestige».

d) O ICO comprométese a aboa-lo importe correspondente á contía da indemnización polos danos efectivamente producidos, excepto no caso de que se trate de afectados polo accidente que formalizasen un préstamo co ICO, e constituísen garantía para asegurala devolución do préstamo que a dita entidade se subroga no dereito a percibi-las indemnizacións que, se é o caso, reciban, derivadas do sinistro do buque; neste suposto recibirán do ICO carta de pagamento polo principal e xuros do préstamo concedido no importe correspondente ó da indemnización á que teñan dereito a cobramento.

e) A eficacia dos pagamentos queda subordinada ó disposto no artigo 2.

O prazo para solicita-la subscripción destes acordos finalizará o 31 de decembro de 2003.

Estes convenios poderán ser subscritos con asociacións ou agrupacións de afectados, así como con corporacións de dereito público, en representación daqueles membros que así os acepten.

Artigo 7. *Principio de equilibrio financeiro.*

Para salvagarda-lo principio de equilibrio financeiro nas actuacións que este real decreto lei lle encomenda ó ICO, na súa condición de axencia financeira do Estado, de conformidade co establecido no punto catro. 3 da disposición adicional sexta do Real decreto lei 12/1995, do 28 de decembro, autorízase o ICO para lle cargar, consonte as normas en vigor para as entidades de crédito, ó fondo de previsión regulado no punto catro da citada disposición adicional sexta o quebranto que puidese supoñe-lo pagamento das contías correspondentes ó importe das indemnizacións satisfeitas.

Disposición adicional primeira. *Convenios de colaboración con administracións públicas.*

As comunidades autónomas e as corporacións locais afectadas polo accidente do buque «Prestige» poderán celebrar convenios de colaboración coa Administración xeral do Estado, con obxecto de resarcir-las danos causados polo dito accidente, de maneira que a Administración xeral do Estado se subrogará en calquera dereito ou acción que lles puidese corresponder ás administracións públicas que subscriban os acordos ós que se refire esta norma contra organismos ou entidades nacionais ou internacionais, ou contra terceiros.

No suposto a que se refire o parágrafo anterior, se concorre, polo mesmo dano e prexuízo sufrido, unha axuda procedente de fondos comunitarios, a suma de ambas non poderá supera-lo importe do dano que se trate de resarcir.

Disposición adicional segunda. *Financiamento especial.*

Os ingresos correspondentes ó sorteo especial de Lotería Nacional celebrado o 11 de xaneiro de 2003, así como aqueles que xeren as actuacións do Plan de Turismo Cultural de Galicia posto en marcha polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, poderán ser achegados total ou parcialmente polo Estado ó ICO para financiar-las actuacións deste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación de desenvolvemento.*

O Goberno e os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, dictarán as disposicións necesarias para a execución do establecido neste real decreto lei. En particular, por orde do ministro de Facenda aprobarase o modelo normalizado no que os perceptores da cantidade farán constar a desistencia, a renuncia e a aceptación da subrogación referidas no artigo 5.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 20 de xuño de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno
en funcións,
MARIANO RAJOY BREY

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

12626 *ORDE PRE/1672/2003, do 19 de xuño, pola que se modifica o anexo II do Real decreto 280/1994, do 18 de febreiro, polo que se establecen os límites máximos de residuos de praguicidas e o seu control en determinados produtos de orixe vexetal. («BOE» 151, do 25-6-2003.)*

O Real decreto 280/1994, do 18 de febreiro, polo que se establecen os límites máximos de residuos de praguicidas e o seu control en determinados produtos de orixe vexetal, inclúe no seu anexo II os límites máximos de residuos vixentes no momento da súa publicación. De conformidade coa disposición derradeira primeira do citado real decreto, o anexo II foi sucesivamente actualizado.

De acordo co procedemento establecido no artigo 4.3.2 da Regulamentación técnico-sanitaria para a fabricación, comercialización e utilización de praguicidas, aprobada polo Real decreto 3349/1983, do 30 de novembro, determináronse novos límites máximos de residuos para as substancias activas buturon, clomazona, cobre, dimetomorf, ditianona, epoxiconazol, flufenoxuron, fosetil-Al, hexitiazox, imidacloprid, piriproxifen, rotenona, tebuconazol, tebufenocida, tebufenpirade e tolifluanida, como requisito previo para a adopción de decisións sobre a autorización de produtos fitosanitarios ou de novas aplicacións deles, así como pola revisión ou retirada de autorizacións anteriormente existentes.

Así mesmo, determináronse límites máximos de residuos para as substancias activas florasulam, flumioxazin, iprovalicarb, mesotriona, tepraloxidim e tiametoxan, que teñen carácter provisional, conforme o procedemento establecido na alínea f), número 3 do artigo 15 do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios, como requisito previo para a adopción de decisións sobre a autorización de produtos fitosanitarios que conteñan estas substancias activas.

Tamén se modifica o nome común da substancia activa clefoxidim, que pasou a ser profoxidim, e suprímese do anexo II a substancia denominada butóxido de piperonilo, que a Comisión conxunta de residuos concluíu que non é una substancia activa, senón un coformulante e, en consecuencia, queda fóra do ámbito de aplicación do Real decreto 280/1994.

Esta orde ten por obxecto a posta en vigor destes novos límites máximos de residuos que a Comisión conxunta de residuos de produtos fitosanitarios elevou ós ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo, como proposta de modificación do anexo II do citado Real decreto 280/1994, conforme o establecido na súa disposición derradeira primeira.

Esta disposición foi sometida ó procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos ós servicios da sociedade da información, previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, modificada pola Directiva 98/48/CE, do 20 de xullo, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, que incorpora estas directivas ó ordenamento xurídico español.

Así mesmo, notificáronse á Comisión Europea os límites máximos de residuos provisionais das substancias activas florasulam, flumioxazin, iprovalicarb, mesotriona, tepraloxidim e tiametoxan, que foron fixados pola Comisión conxunta de residuos de produtos fitosanitarios,